

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

ORDE do 3 de abril de 2017 pola que se convocan axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de nais e pais do alumnado, e das asociacións de nais e pais do alumnado de centros de educación especial para o ano 2017.

O artigo 5.5 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, establece que as administracións educativas favorecerán o exercicio do dereito de asociación das nais e pais, así como a formación de federacións e confederacións, para contribuíren á mellor consecución dos obxectivos educativos.

O Estatuto de autonomía de Galicia declara, no seu artigo 31, a competencia plena da Comunidade Autónoma galega para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo das limitacións impostas polos artigos 27 e 149 da Constitución española.

Coa finalidade de apoiar e potenciar a realización de actividades por parte das federacións e confederacións de nais e pais do alumnado, e das asociacións de nais e pais do alumnado de centros de educación especial, mediante a subvención dos gastos ocasionados polas citadas actividades, así como os derivados da xestión administrativa, adquisición de material non inventariable e mantemento ordinario das instalacións.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me foron concedidas,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto da convocatoria*

Faise pública a convocatoria de axudas destinadas a subvencionar a realización de actividades por parte das federacións e confederacións de nais e pais do alumnado legalmente constituídas, e das asociacións de nais e pais do alumnado de centros de educación especial, desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o prazo límite de xustificación de gastos.

Artigo 2. *Requisitos*

Poderán solicitar estas axudas as federacións e confederacións de nais e pais do alumnado, así como as asociacións de nais e pais do alumnado de centros de educación es-



pecial que, con anterioridade á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, estean inscritas no censo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 3. *Financiamento das axudas*

O importe que se distribuirá nesta convocatoria de axudas será de setenta e tres mil seiscentos sesenta e seis euros con catro céntimos (73.666,04 euros), cantidade que procede de fondos propios da Comunidade Autónoma e do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para esta finalidade. Non obstante, o importe destas axudas poderase incrementar se, antes da publicación da resolución de concesión no *Diario Oficial de Galicia*, se recibe unha transferencia do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para esta mesma finalidade e así se publique no *Diario Oficial de Galicia*.

O pagamento das axudas efectuarase con cargo á partida 10.60.423A.481.0 dos orzamentos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2017.

Artigo 4. *Destino das axudas*

As axudas van destinadas tanto á realización de actividades como a sufragar gastos derivados da xestión, administración, adquisición de material non inventariable e mantemento ordinario das instalacións que se orixinen no período subvencionado.

Artigo 5. *Presentación de solicitudes*

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 6. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do



prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Presentada a solicitude, examínase para ver se reúne os requisitos exixidos e se vai acompañada da preceptiva documentación; en caso contrario, de acordo co previsto no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, requírase a entidade solicitante para que, no prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fai así, se terá por desistida da súa petición, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 desta lei.

Artigo 7. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) NIF da federación, confederación ou asociación solicitante.
- b) DNI ou NIE do representante.
- c) Estar ao día no pagamento das obrigas tributarias.
- d) Estar ao día no pagamento das obrigas da Seguridade Social.
- e) Non ter ningunha débeda pendente coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. No caso de que as entidades interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.



Artigo 8. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As entidades interesadas deberán achegar coa solicitud (modelos normalizados anexos I e II) a seguinte documentación:

a) Orzamento desagregado de cada unha das actividades, dos gastos derivados da xestión, administración, adquisición de material non inventariable e mantemento das instalacións que se orixinen no período subvencionado.

b) Plan de actividades para as cales se solicita a axuda, facendo constar unha breve memoria por cada unha das actividades.

c) Copia certificada do acordo do órgano competente polo cal se decide solicitar a axuda.

d) Para as federacións, relación das asociacións de nais e pais do alumnado que as integran. Para as confederacións, relación das asociacións de nais e pais do alumnado e das federacións que as integran.

2. A documentación complementaria deberase presentar electronicamente. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitud, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitud e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pódese consultar na sede electrónica da Xunta de Galicia.



Artigo 9. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 10. Transparencia e bo goberno

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e a referida publicidade.

2. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

3. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 11. Comisión de valoración das axudas

Baixo a presidencia da persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos ou persoa en quen delegue constituirase unha comisión integrada polos seguintes membros:

A persoa titular da Subdirección Xeral de Centros.

O/a funcionario/a que ocupe a xefatura do Servizo de Centros.

O/a funcionario/a que ocupe a xefatura do Servizo de Xestión de Programas Educativos.



O/a funcionario/a que ocupe a xefatura da Sección de Programas Educativos.

O/a funcionario/a da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, que actuará como secretario/a, con voz e sen voto.

Artigo 12. *Distribución das axudas*

A distribución das axudas farase do seguinte xeito:

a) As confederacións recibirán unha contía fixa que será igual para todas e que non excederá para cada unha o 10 % do importe total da convocatoria, coa finalidade de garantir unha axuda mínima para cada unha das solicitudes.

b) As federacións de ámbito provincial recibirán unha contía fixa que será igual para todas e que non excederá para cada unha o 2 % do importe total da convocatoria, coa finalidade de garantir unha axuda mínima para cada unha das solicitudes.

c) As federacións de ámbito inferior ao provincial recibirán unha contía fixa que será igual para todas e que non excederá para cada unha o 1,5 % do importe total da convocatoria, coa finalidade de garantir unha axuda mínima para cada unha das solicitudes.

d) As confederacións recibirán, ademais, un importe variable que estará en función do número de federacións e asociacións de nais e pais do alumnado que as integran. O importe por cada federación confederada non excederá o 1,5 % do importe total da convocatoria. O importe por cada ANPA confederada non excederá o 0,5 % do importe total da convocatoria.

e) Todas as federacións recibirán, ademais, un importe variable que estará en función do número de asociacións de nais e pais do alumnado que as integran. O importe por ANPA federada non excederá o 0,5 % do importe total da convocatoria.

f) As asociacións de nais e pais do alumnado de centros de educación especial recibirán unha contía que será igual para todas as asociacións e que non excederá para cada unha o 1,5 % do importe total da convocatoria, coa finalidade de garantir unha axuda mínima para cada unha das solicitudes.

Non obstante, poderanse superar as porcentaxes anteriores se, de acordo co número de solicitudes presentadas e as porcentaxes máximas indicadas non for posible a distribución total do importe da convocatoria. O incremento será proporcional ás porcentaxes máximas establecidas para as contías fixas e variables fixadas nas letras anteriores.



Artigo 13. Resolución de concesión

A comisión de selección elaborará a proposta de adxudicación das subvencións e elevaraa ao titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a resolución que proceda.

A resolución de concesión das axudas, ditada pola persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* no prazo máximo de cinco meses contados desde a publicación desta convocatoria.

No suposto de que non se dite resolución expresa dentro do prazo máximo previsto, as entidades solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes para os efectos de interpoñeren o recurso administrativo ou contencioso-administrativo que proceda.

A resolución, que esgota a vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co establecido no artigo 10.1.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo, contra ela poderase recorrer potestativamente en reposición no prazo dun mes, ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 14. Xustificación e pagamento

1. O pagamento das axudas concedidas farase de conformidade co disposto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Para poderen dar curso aos libramentos, as entidades beneficiarias presentarán, antes do 31 de outubro de 2017, a xustificación dos gastos realizados, mediante orixinais ou copias compulsadas de facturas e/ou nóminas e acreditación documental de que se efectuou o seu aboamento.

Ademais, deberán presentar o anexo II (declaracións cos datos actualizados) para que acrediten estaren ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non teren pendente ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.



3. A xustificación indicada no punto anterior presentarase electronicamente na forma indicada nos artigos 8.2 e 9 desta orde.

Artigo 15. *Control e comprobacións das axudas*

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá requirir da entidade solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente, e tamén poderá dispor que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polas entidades peticionarias.

Calquera alteración que se produza nos datos contidos na solicitude ou na documentación que se achega será comunicada pola entidade solicitante á citada dirección xeral.

Artigo 16. *Obrigas das entidades beneficiarias*

A entidade beneficiaria está obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 17. *Publicidade da convocatoria*

Nas convocatorias públicas, publicidade e propaganda das actividades que realicen as confederacións, federacións e asociacións ao abeiro desta orde, deberá figurar que están subvencionadas pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, co seu respectivo anagrama ou logotipo.

Artigo 18. *Causas de reintegro*

Procederá o reintegro, total ou parcial, da axuda percibida, xunto cos xuros de demostra, nos casos indicados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Artigo 19. Recursos

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpor o recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co establecido no artigo 10.1.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo, esta orde poderase recorrer potestativamente en reposición no prazo dun mes, ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición adicional primeira. Datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta orde, cuxo tratamento e publicación autoricen as entidades interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» co obxecto de xestionar este procedemento, así como informar as entidades interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a secretaría xeral técnica da consellería competente en materia de educación. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou ao correo electrónico sxt.cultura.educacion@xunta.gal

Disposición adicional segunda. Dereito supletorio

En todo o non previsto pola presente orde serán de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Disposición derradeira primeira. Autorizacións

Facúltase o titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para adoptar todos os actos e medidas necesarios para a execución e o desenvolvemento desta orde.



Disposición derradeira segunda. *Vixencia*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2017

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA FINANCIAR ACTIVIDADES DAS CONFEDERACIÓNS E FEDERACIÓNS DE NAIS E PAIS DO ALUMNADO, E DAS ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DO ALUMNADO DE CENTROS DE EDUCACIÓN ESPECIAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED507A	DOCUMENTO SOLICITUDE																
DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE RAZÓN SOCIAL NIF <input type="text"/>																		
TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>																		
PARROQUIA LUGAR <input type="text"/> <input type="text"/>																		
CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>																		
TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>																		
CENTRO EDUCATIVO DE QUE DEPENDE (só no caso das ANPA) NÚMERO DE REGISTRO <input type="text"/> <input type="text"/>																		
E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)																		
NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>																		
DATOS BANCARIOS Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.																		
TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>																		
A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA 1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas: <input type="radio"/> Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención. <input type="radio"/> Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:																		
<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th style="width: 50%;">ORGANISMO</th> <th style="width: 10%;">ANO</th> <th style="width: 20%;">IMPORTE (€)</th> <th style="width: 20%;">DISPOSICIÓN REGULADORA</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> </tbody> </table>	ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA														
ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA															
2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos. 3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. 4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.																		
DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA																		
<input type="checkbox"/> Copia certificada do acordo do órgano competente en que se decide solicitar a axuda																		
<input type="checkbox"/> Orzamento desagregado de cada unha das actividades, dos gastos derivados da xestión, administración, adquisición de material non inventariable e mantemento das instalacións que se orixinen no período subvencionado																		
<input type="checkbox"/> Plan das actividades para as cales se solicita a axuda, achegando unha breve memoria para cada unha das actividades																		
<input type="checkbox"/> Relación de federacións e asociacións de nais e pais do alumnado que integran a confederación (só para as confederacións)																		
<input type="checkbox"/> Relación de asociacións de nais e pais do alumnado que integran a federación (só para as federacións)																		





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I
 (continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os ditos documentos.

	DENEGO E PRESENTO O DOCUMENTO
<input checked="" type="checkbox"/> NIF da entidade solicitante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> DNI ou NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día no pagamento das obrigas tributarias	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día no pagamento das obrigas coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Non ter ningunha débeda pendente coa Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, é informado/a de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxt.cultura.educacion@xunta.gal.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Orde do 3 de abril de 2017 pola que se convocan axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de nais e pais do alumnado, e das asociacións de nais e pais do alumnado de centros de educación especial para o ano 2017.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II

ED507A - AXUDAS PARA FINANCIAR ACTIVIDADES DAS CONFEDERACIÓNS E FEDERACIÓNS DE NAIS E PAIS DO ALUMNADO, E DAS ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DO ALUMNADO DE CENTROS DE EDUCACIÓN ESPECIAL

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA

(actualizada ao momento de xustificación e pagamento)

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
RAZÓN SOCIAL	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

E NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.

Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.


4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar os ditos documentos.	DENEGO E PRESENTO O DOCUMENTO
<input checked="" type="checkbox"/> NIF da entidade solicitante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> DNI ou NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día no pagamento das obrigas tributarias	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día no pagamento das obrigas coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Non ter ningunha débeda pendente coa Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

CVE-DOG: u5fxru89-nma6-lxx0-dn26-lwkcq4bbogj3


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>